

XV
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

XV
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

Saúdo Peregrino que procede do latín cos significados (ultra, mais alá e eia mover), tamén serve para animarse uns a outros nas etapas do camiño.

Non podería facer este prólogo sen unha referencia ó Ano Santo que está a piques de rematar pois para acadar o seguinte terán que pasar dez anos, ou sexa que para gozar do próximo ano Xubilar teremos que chegar ó 2021. Traio esta referencia para lembrar que o Camiño Francés é o Primeiro Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio da humanidade. De aí que non sexa estraño que en Paradela, berce da Orde dos Cabaleiros de Santiago (Sta. María de RibadeLogio (1170-1171), alúmase este balcón cultural. Froito do traballo feito con amor, esperanza, compromiso e dedicación do noso Fillo Predilecto Manuel; quen como “Cabaleiro da Cultura” é o alicerce que nos xungue ás próximas xeracións, como moi ben deixa escrito Xulio Xiz, “ti es eterno”.

O Ano Santo trouxo novas importantes: máis peregrinos acudiron a Santiago, entre eles o máis importante o Santo Pai Benedicto XVI; tamén viu a luz a tradución do Códice Calixtino ó galego, traballo feito polo Lucense D. José López Díaz, Catedrático de Latín.

Chegaron recentemente novas lutuosas, o pasamento de D.Francisco Fernández del Riego, que dedicou a meirande parte da súa vida a prol do País, tanto na cultura coma na política e foi un dos que fixeron posible que hoxe exista o Día das Letras Galegas. ¿E por que non soñar que algún dos próximos anos, se poida dedicar o noso Poeta de Paradela?.

O Certame, tamén neste ano trouxo as súas pegadas importantes.

Os vinte anos do pasamento de Manuel O. Rodríguez López (13-02-1990). A 15ª edición das publicacións galardoadas. A xuntanza nun só libro de toda a poesía do homenaxeado, o que non sería posible sen o esforzo da familia e dun xeito especial do seu fillo Santiago; a colaboración excelente do bo amigo de Manuel: o Poeta Don Darío Xohán Cabana, membro numerario da Real Academia Galega; a colaboración de Don Antón Bao, Vicepresidente da Deputación de Lugo; os dous de sempre (Xulio Xiz e Xesús Mato), dous “activistas” da Cultura Lucense que sempre están a carón de todo e de todos os que teñen algo que aportar ós diversos itinerarios culturais Galegos.

Na 15ª edición do Certame

Manuel Oreste Rodríguez López

Lembrar, que viu a luz outro fermoso libro que ten para nós, un especial significado, Mato Sonoo ioo... (O tolo sono eu...), dende o cal cen amigos falan de Xesús Mato, Fillo Predilecto de Paradela, crego, musicólogo e membro deste Xurado.

Na dinámica do Certame, alumáronse novas, adaptando as posibilidades de participación a través de internet, con procesos totalmente garantidos, e alcanzando un éxito extraordinario de participación por este medio de traballos presentados para o certame, fixérono por correo electrónico cento sete obras.

O xurado tivo este ano certas dificultadas á hora de elixir os gañadores, polos moitos e bos traballos presentados, motivo polo que foi preciso galardoar tanto en Poesía como en Narrativa dous accésits. O noso agradecemento a tódolos participantes que coas súas obras individuais chegaron a sumar 215 presentadas. A nosa felicitación ós gañadores en poesía : D.^a Emma Pedreira, da Coruña, co título Caderno de Lisboa e accésit: D. Manuel García Pintado, de Membrilla-Ciudad Real, co título Tan solo por ser mujer.

E ós gañadores en narrativa: D. Pepe Pol, de Montefurado (Lugo), co título: Sibila y Hada Mayor de la Ribeira Sacra; accésit: D.^a Noa María Carballa Rivas, de Meis, Pontevedra, co título A meiga do xiabre; accésit: D.^a Mercedes Blanco Iglesias, de Vigo, Pontevedra, co título O paquete do emigrante.

Coa ledicia de saber que este libriño ha de acadar moitos lectores, que chegará a diversos fogares, entre outros, os de emigrantes da nosas terras Galegas, alimentando as súas raíces coas lembranzas da súa terra Nai.

Desexamos que a felicidade perdure entre todos/as, e saiban que en Paradela, sempre terán un lugar de encontro e de colaboración en todo o que precisen.

E, remato como empecei con outra forma de saúdo do (Codex Calixtinus), Código Calixtino “ultre ia Et Sus eia! Deus adjuva nos “imos máis alá e imos máis arriba! ¡Deus axúdanos!.

Paradela, novembro 2010

Xosé M. Mato Díaz.

Vai pra un ano que saíu á rúa a obra poética reunida de Manuel Rodríguez López, nunha edición –publicada por Espiral Maior co patrocinio do Concello de Paradela, da Xunta de Galicia e da Deputación de Lugo– que tiveron o privilexio de preparar xunto co seu fillo Santiago, e que talvez teña algúns ou moitos defectos, pero que ten a virtude de ofrecer xuntos os versos daquel emigrante de Paradela que se fixo a si mesmo como poeta e como home en Barcelona. Pra lelos e relelos, como fago eu agora, cando me dispoño a obedecer o mandato da súa familia escribindo unhas palabras pra este caderno que dá razón, un ano máis, das obras premiadas no certame literario de Paradela que leva o nome do noso poeta.

Foi Manuel Rodríguez López un poeta obreiro, pero coma sempre as etiquetas non abundan pra definir unha persoa ou unha obra. É ben verdade que unha boa parte da obra do Manuel xira ó redor da condición obreira e a conciencia de clase, e esta vertente da súa actividade poética deunos algúns dos seus poemas máis memorables. Pero tamén é verdade que hai outros moitos aspectos e outras moitas emocións na súa poesía. A saudade da terra. A celebración da historia. Os poemas do amor, eses poemas de amor sinxelo e fondo nos que, estea ou escrito, sempre latexa o nome de Irene, a súa compañeira.

Acabouse de criar o Manuel en Barcelona, aprendeu catalán case de neno, mais non puido nin quixo esquecer a lingua da primeira infancia nin o universo inmenso que forman as casas, os lugares e as chousas onde vivimos os primeiros anos. Quizabes nisto sexamos un pouco distintos os que nacemos e aprendemos a andar e a abrir os ollos nunha destas aldeas da Terra Verde onde cada cen metros hai tanta variedade que nos parece un mundo. Despois imos pra fóra, polas cousas da vida, e sempre andamos a pensar como volver a este universo antigo onde cada penedo ten un nome, onde cada carreiro nos parece un camiño innumerable.

Moitos anos pasou o Manuel nesta saudade, xuntando as arelas de once meses pró mes de vacacións na Terra. Cando por fin volveu pra sempre, home aínda novo, daba gusto velo ollar as cousas e respirar os

Vinte Anos despois

Darío Xobán Cabana

ventos deste mundo, mesmo os ventos da cidade capital, ese Lugo onde por diferentes razóns fixou a residencia familiar. Lugo era pró Manuel Rodríguez, prós de Paradela, o mesmo que é pra nós os de Cospeito: a nosa capital. Ben sei que Paradela é da Terra de Sarria, ben sei que Cospeito é da Terra Chá, aseñorada por Vilalba. Pero Lugo é a nosa capital, e por iso o Manuel Rodríguez andaba coma peixe na auga pola rúa en que moraba –a do Doutor Castro–, pola Praza Maior, polo Campo Castelo, que era por onde eu o atopaba tantas veces naqueles anos de esperanzas e decepcións.

A cidade de Lugo debía ser pró Manuel unha cousa contigua da súa aldea natal. Niso Lugo non é coma outras cidades, que parecen máis fóra e máis lonxe do noso espazo referencial de eternos campesiños. Se acaso, unha cidade coma Lugo é outra parte, quizabes esencial, do noso mundo. A aldea ten unha consistencia máis ben intemporal: o seu aspecto está marcado polo cambio das estacións, e sempre volve ó de antes; a agra das patacas o ano anterior estaba a pan, a esmagante presenza estival da carballeira chea de folla declina ano tras ano cara ó espido inverno. A cidade é histórica: os cambios son máis lentos, pero son máis sólidos, duros e permanentes. Cando se fai un edificio grande, cando se abre unha rúa, aquilo mudou pra sempre, non é o trigo que se sega en xullo nin a folla que cae en novembro.

Quen me dera encontrar o meu amigo na rúa do Doutor Castro, ou na Praza Maior –sala de visita da nosa vila– pra falarmos destas e doutras cousas. Pero xa van vinte anos que o Manuel nos falta. Sírvanos de consolo este certame que se honra co seu nome, e a tenaz vontade que o Concello de Paradela manifesta en honrar o seu ilustre fillo. Sírvanos de consolo a súa memoria amable, a certeza absoluta de que o noso amigo foi un home bo. Sírvannos de consolo os versos que nos deixou pra remoer a condición obreira, a saudade, o amor conxugal, a devoción da terra natal, o orgullo e a lealdade da lingua, en fin, a condición humana que latexa na súa obra.

Darío Xobán Cabana

XV Edición do Certame Literario

Manuel-Oreste Rodríguez López.

O Concello de Paradela, co obxectivo de potencia-la creación literaria, convoca o XV certame literario:

PRIMEIRA: Poderán concurrir anualmente ó certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López, tódolos autores que o desexen, calesqueira que sexa a súa nacionalidade.

SEGUNDA: Establécese un premio de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de poesía e outro de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de narrativa.

TERCEIRA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos; nos dous casos mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditas, non premiadas en calquera outro tipo de concurso e estar escritas en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria; podendo o Xurado reservarse a facultade de conceder os accesits (carentes de dotación económica) que estime oportunos.

CUARTA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil nove. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, á seguinte dirección:

CONCELLO DE PARADELA
Certame Literario
(Modalidade Poesía / Narrativa)
Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela (Lugo)

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do/a autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia e declaración formal de que a obra se axusta ás normas contenidas na base terceira. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de participación nos dous apartados, deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

QUINTA: O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo o día 1 de marzo de 2010 e farase público polos medios de comunicación; comunicándose personalmente ós gañadores. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

SEXTA: O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de 6 meses, contados dende o momento do fallo.

SÉPTIMA: As obras non premiadas, así como a súas plicas, non serán restituídas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López-2009.

OITAVA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, o día que estableza o Xurado.

NOVENA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 2009.

Reunidos no Salón de Sesións do Concello de Paradela, sendo as doce horas e trinta minutos do día nove de abril de dous mil dez, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego); D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación provincial de Cultura e Deporte); e D. Xavier Rodríguez Barrio (escritor) como vocais. E D. José López González, Secretario do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeu a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo certame literario dende a súa creación estando xa na súa XV edición, efectuando un balance altamente positivo por canto pese a escasa cuantía ou escasa dotación económica do premio e o carácter de pequeno municipio rural do organizador, ano tras ano, mantense unha importante participación fronte a acadada en outros premios provinciais que contan cunha maior asignación económica, motivada en gran medida polo feito de que as obras premiadas e accesits son posteriormente publicadas, pese o importante esforzo que elo supón para o Concello de Paradela.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeu a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo Certame Literario dende a súa creación, cumprindo a súa XV edición, orixinando un balance altamente positivo, tendo en conta a dotación económica do premio e o carácter de pequeno municipio rural do Concello, e ano tras ano, prodúcese un maior participación tanto de escritores nacionais como extranxeiros, fundamentalmente dos países latinoamericanos, motivado en grande medida, polo feito de que as obras premiadas e accesits son posteriormente publicadas, o que supón un importante esforzo para o Concello de Paradela.

Destacar a dificultade do xurado, pola cantidade e calidade das obras presentadas, xa que media ducia de obras poderán ser obxecto de premio en ambas categorías.

Presentáronse un total de 215 obras, 107 na categoría de poesía e 108 en narrativa. Das 107 obras na categoría de poesía, 90 están escritas en castelán e 17 en galego. No apartado de narrativa, das 108 obras, 12 foron escritas en galego e 96 en castelán.

Fallo do xurado

Acta de constitución

“XV Edición Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de POESÍA, á obra presentada baixo o título CADERNO DE LISBOA. Aberto o sobre comprobouse que a obra pertence a D^a. Emma Pedreira, - A Coruña.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de POESÍA.

- Accésit, á obra presentada baixo o lema EL PRECIO DE LA LIBERTAD, titulada TAN SOLO POR SER MUJER. Aberto o sobre comprobouse que a obra pertence a D. Manuel García Díaz Pintado, con enderezo en Membrilla-Ciudad Real.
- Accésit, á obra presentada baixo o lema RONCHI AUREA, titulada DEFENSA DA DOMESTICACIÓN. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D^a. Rosa Piñeiro Fariña, con enderezo en Santiago de Compostela.

SEGUNDO.- Outorgar o premio de NARRATIVA, á obra presentada baixo o lema VENDIMIADOR, titulada SIBILA Y HADA MAYOR DE LA RIBEIRA SACRA. Aberto o sobre comprobouse que a obra pertence a D. Pepe Pol, con enderezo en Montefurado-Lugo.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de NARRATIVA

- Accésit, á obra presentada baixo o lema XOANIÑA, título A MEIGADO XIABRE. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D^a Noa María Carballa Rivas, con enderezo San Lorenzo de Nogueira – Meis (Pontevedra).
- Accésit, á obra presentada baixo o lema POR GAIA, título O PAQUETE DO EMIGRANTE. Aberto o sobre, comprobouse que a obra pertence a D^a. Mercedes Blanco Iglesias, con enderezo en Vigo (Pontevedra)

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e trinta minutos, do que eu, como Secretario dou fe.



Emma Pedreira

(A Coruña, 1978).

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Poeta e narradora, ten participado en numerosas revistas especializadas e prensa.

A súa obra poética está formada polos libros *Diario bautismal dunha anarquista morta* (Premio Johan Carballeira), *Crimorio* (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón), *Velenarias* (Premio Johan Carballeira), *Corpo*, *As posturas do día*, *Os cadernos d'amor e os velenos* (Premio Fermín Bouza Brey), *Casa de orfas* (Premio Fiz Vergara Vilariño) e *Xoguets Póstumos* (Premio Poesía erótica Illas Sisargas).

Tamén publicou a novela *As cinzas adentras* e o libro de relatos *Bestiario de silencios*.

A súa obra está presente nas antoloxías *Compañeira tristeza* (Universidade de San Petersburgo, 2004), *Das sonoras cordas* (Eneida, 2005), *El poder del cuerpo* (Castalia, 2008), *Erato bajo la piel del deseo* (Sial, 2010).

Caderno de Lisboa

Emma Pedreira

Preferín Lisboa

por que me tocases as costelas cos teus dedos
como facía o aire cos arcos famélicos do Carmo
furando delicado para lle premer un corazón de aire
no lugar do corazón primeiro.

E que me treparas lento
como fan a luz o silencio e o día.

Nunha rúa suxa detéñense os tranvías como agullas de madeira.
A cidade está cosida por carrís de cicatrices e espasmos lentos.

Mentres esteamos aquí hasme de falar sempre
porque embaixo da túa lingua hai unha profunda luzada de canela

que quero que me parta.

O mediodía é de gatos e os pasos non soan a ningures.
Mortos todos os reloxos, quédannos o pulso
e a marca do sol nos ollos.

Quero adentrar os barrios pola boca como un veneno
e no interior dos tranvías ter un letargo de caparazón
e unha calor de mundo lento,
sorber as ruelas como unha sopa mesta,

beixar as pedras demudadas e grises de chorar fume,
atrapar un eco neste lugar ao que non voltarei nunca
se non me reclama
e onde non podo chorar

porque a tépeda seiva do silencio lévame os ollos
a un lugar onde non existo.

Non quero fados.
Quero adiar a faca do silencio
contra o ventre da cidade e abrir en canle para ela.

Para ser flor é que se fixo a praza forte,
o epicentro amarelo da cantiga.

O embigo de cada barrio
é para beber este copo de chá onde remata o tempo antigo.

Non é o lugar que imaxinabamos ao sobrevoar.
Trepanamos un mundo xordo cegados de frío
e a luz vestiu para nós un desencontro.
Reinventámola.
Sendo xiganta fixémosla mol e inexacta,
nomeámola haiku
e deixámola espertar tranquila.

Lisboa ten tacóns de madeira e rube alicerces mariños.
Senta ao sol das calellas entre bragas e gatos,
furada de vendavais eléctricos,
apedreada de desidia.

Disfrazada agocha os ollos tras das reixas e celosías
e abre as pernas como pórticos,
os poros como portas
e desdentada vai chovendo louza desde as cornixas.
Deixa que te perdas nela
e en min e eu nela,
por entre remuíños de roupa tendida e mantos de cinza,
e tocamos ese corpo vello e gorentoso como un pao-de-ló,
o seu ventre de iglú de pedras quentes árdenos e agarda por nós.
En cada mosaico unha escama da dragona que foi,
en cada mármore un dente caíro, en cada ruína un óso.
E a cidade perdeu a pel engurrándose como poeira baixo os teus pasos.
Para que non pases máis polo seu corpo,
borrou o teu eco.

Se neste lugar tan claro non mes ves
é que non existo en ningunha parte.

E os fados fixéronse
para falar de min
que estou calada.
Transparente.
Detida.

Detés o corazón contra as pedras da Sé.
E bebes cos labios pequenos unha pausa.
Bica este lugar,
 disme,
non manca.

Na hora máis alta da noite as treboadas habitan os castelos
e choutan as princesas polos balcóns como lóstregos calados.
Penduran as súas saias rachadas contra as reixas,
como estandartes.
Cae unha folerpa lene dos seus cabelos sobre as ruelas.
Os músicos choran doce cordas de guitarra ou soga
e hai unha esteada de refluxos baixo das pedras, que as erguen.
O frío lambe as feridas do bairro alto,
e sombras históricas rolan polo largo escaleiras abaixo
espertando todos os poetas.
As páxinas arden soas, as campás abanean mudas,
os paxaros conxélanse terra adentro
e non hai un paso que me cruce ate o centro xusto deste medo.
Os trens viaxan baleiros co seu eco branco de remorsos
e as barcas invadiron a cidade pola sombra.
Os barrios pecharon as súas portas e as vellas pedras
amarráronse á paciencia.
O mar retirou os dedos, escaldados, e xa non nos toca.
Perfúmanos unha néboa trágica
para que a cidade durma arrolada na espera da luz.
No insomnio meu está o teu refuxio.
Cando ti durmes o mundo tolea e manca.
A cidade pegou o narís ao cristal do noso cuarto,
téntame,
para que baixe núa e descalza a atravesala.

Se te deixo aquí non voltarei nunca,

a besta devoraramme.

Cada recanto lémbreme os ferros que levo por dentro.
Aquí todas as pedras están furadas de aramios.
Míraa,
ela e eu
somos un espello.

Levo un anel de gatos arredor dos pés.
Un sombreiro de ecos.
Un elevador nas entrañas, unha ponte nas pestanas.
Os descubridores do meu embigo, brancos e duros como foron os teus medos.
O tacto áspero do pó na lingua,
o peito furado de xanelas,
as unllas suxas de guitarra,
un baleiro sabor de ginja no gume da boca.

Non teño poema.
Agora non, perdinme.
Só teño un mapa.

Pero tamén quero dicir, que se abriu para nós unha flor vainilla,
un libro de pasos.
Que me arrepinto de non ter chorado ante o teu contraluz en vía augusta e
tocar o punto
xusto das túas mans en que inicia o teu rostro triste,
enguedellarme a ti na sombra cóncava dos eléctricos
e carregado a túa boca de sede por sao vicente.
Ter puxado por ti en cada loja
e comido do teu ventre o paso líquido do teixo.
Facer o teu corpo de louza azul e branca e quieta,
como ti es,
unha candea candomblé que nos arda nas adentras
durmidas horas do noso cuarto.



MANUEL GARCÍA DÍAZ_PINTADO

Nace en Membrilla (C. Real) el 12 de junio de 1954. Cursa estudios básicos obteniendo el graduado escolar en 1984. Comienza su afición poética en el año 1992 con versos de composición sencilla que poco a poco van creciendo en calidad métrica y temática. En el año 2007 se adentra en la creación literaria del género teatral siendo éste un género en el que se desenvuelve con facilidad dando rienda suelta a creaciones humorísticas que actualmente se están representando en su localidad. Su obra de gran variedad genérica (poesía, ensayo, prosa, cartas de amor, teatro, etc.) enfoca toda la temática actual esbozando en el lector tristeza, humor, alegría, etc.

PREMIOS

- 1992 ACCESIT FIESTA DE LA ROZADLE AZAFRÁN. MODALIDAD POESIA. MEMBRILLA (C. REAL)
- 1995 ACCESIT PEÑA TAURINA "LITRI".MODALIDAD POESIA TAURINA. CALATAYUD (ZARAGOZA)
- 1995 PRIMER PREMIO CERTAMEN DESPOSORIOS. MODALIDAD POESIA. MEMBRILLA (C. REAL)
- 1996 PRIMER PREMIO CERTAMEN LITERARIO "LÓPEZ ROJAS". MODALIDAD POESIA. MONTIEL (C. REAL)
- 1997 ACCESIT PEÑA TAURINA "LITRI".MODALIDAD POESIA TAURINA. CALATAYUD (ZARAGOZA)
- 1996 PRIMER PREMIO CERTAMEN DESPOSORIOS.MODALIDAD POESIA. MEMBRILLA (C. REAL)
- 1997 V FIESTA DE LA ROSA DEL AZAFRÁN.MODALIDAD POESIA. MEMBRILLA (C.REAL)
- 1998 ACCESIT PEÑA TAURINA "LITRI".MODALIDAD POESIA TAURINA. CALATAYUD (ZARAGOZA)
- 1999 PREMIO TAHONA CERTAMEN LITERARIO "PAN DE TRIGO".MODALIDAD POESIA. LA SOLANA (C. REAL)
- 2003 PRIMER PREMIO CERTAMEN LITERARIO DESPOSORIOS. MODALIDAD POESIA. MEMBRILLA (C. REAL)
- 2003 TERCER PREMIO AFAMMER II EDICIÓN RELATO DE MUJER.MODALIDAD RELATO. MANZANARES (C.REAL)
- 2009 SEGUNDO PREMIO CERTAMEN NACIONAL CASTILLO DE LA ESTRELLA. MODALIDAD POESIA.MONTIEL (C. REAL)
- 2010 FINALISTA PREMIO TEATRO DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE C. REAL. MODALIDAD TEATRO.
- 2010 ACCESIT CONCURSO LITERARIO DE PARADELA (LUGO).

Tan solo por ser mujer

Manuel García Díaz_Pintado

Ignora y menosprecia mi opinión.

Me insulta, humilla y amenaza.

Él vive inmerso

en su coraza,

aguardando llegar

a la traición.

Siempre prestó

esta a la acción

sin darte un ápice de esperanza.

Ya no espero momentos

de alabanza.

¡Que este infierno ya no

tiene solución!

A una muerte que siem-

pre precedía.

I

Alegre como flor de primavera,
suave como el fino terciopelo,
abrazaba mi cuerpo con desvelo
ensalzando que fuera compañera.

Brotaba el amor de forma lisonjera

que daba mayor morbo a la pasión.

Día a día se fue rompiendo nuestra unión

sin saber el motivo o la razón.

Ahora, encerrado en su armazón

ignora y menosprecia mi opinión.

II

¿ Porqué me cierra puertas y cerrojos
a sabiendas que el silencio ahoga?

Presiento en el cuello ya la soga

y al verdugo aguardando mis despojos.

¡Carcelero abre puertas y cerrojos!

¿no ves que la muerte me amordaza,

y envuelta de misterio abraza?

Siempre sus palabras son la daga

que lentamente clava y hacen llaga.
Me insulta humilla y amenaza.

III

Nada ni nadie mi unión salvaguarda
perdiendo la ilusión por preservarla.
No pienso la vida desecharla
tirando el equipaje por la borda,
perdiendo la batalla más absurda.
Con fuerza o palabra te desplaza
infriendo castigo o amenaza.
Tira la piedra y la mano esconde
ante una justicia ciega, donde
él, vive amparado en su coraza.

IV

Acecha su presa y la maltrata
impidiendo el derecho a libertad,
haciendo de la calma tempestad
que destruye la amistad de forma ingrata.
Lleva impresa la maldad innata.
Cualquier momento de ira es la ocasión,
que el valor del miedo infunde mas acción
y arrastra a crear mas violencia,
embriagándose en llantos de inocencia
aguardando llegar a la traición.

V

Busca a su locura nueva escena
engendrando desprecio cada día
que alimenta su enfermiza tiranía.
Te ofrece de oro puro la cadena
intentando suavizarte la condena.
No esperes que llegue salvación
si te escondes a sufrir resignación
viviendo de por vida como esclava,
observando al verdugo que te alaba
y siempre presto ésta a la acción.

VI

Repican las campanas con terror
y el bronce desprende hedor a muerte.
Tal vez morir podría ser una suerte,
tal vez morir podría ser un error,
pero nunca que la muerte sea un horror.

No ofrezcamos al traidor la confianza,
ni forjemos con él una alianza.
Que aquellos que empuñan armas sin razón
buscan clavar el cuchillo al corazón
sin darte un ápice de esperanza.

VII

Cava seguro mi fosa sobre el valle,
y cubre de injuria el aposento
hombre que parece siempre atento
a los ojos que miran en la calle,
y admiran la prestancia y el detalle.
Él controla su apariencia y se afianza
escondiendo en su pellejo la venganza.
Desdeña de su entorno sin motivo,
Que sembrado de odio destructivo
ya no espero momentos de alabanza.

VIII

Levantaré la voz y habrá justicia.
Nada hay que justifique la locura
del machismo que actúa con cordura,
sumido en la maldad y la injusticia.
No quiero de sus manos la acaricia
a sabiendas que busca la ocasión
de abortar y ahogar la clara decisión
de volver a disfrutar de libertad
que ofrece la igualdad y lealtad.
¡Que este infierno ya no tiene solución!

IX

Tan solo por haber nacido mujer vivo el día a día compungida, desam-
parada y desprotegida. Navego sin rumbo a la deriva,
Aún así, doy gracias
al verme viva.
Naufraga soy en
una isla sin justicia
donde el hombre
tiene la solvencia de
abordar al camino
la salida, donde
busco la fuga des-
valida
a una muerte que siempre precedía.



JOSÉ REINALDO POL GARCÍA

José Reinaldo Pol García (Pepe Pol) Mestre, escritor e poeta nado nas terras do Campo de Xibraltar onde traballou en diversos colexios (Alfonso XI, Elcano, Juan Ramón, Juan González,...). Na actualidade traballa no CEIP de Quiroga, pero nunca olvidará a súa laboura profesional en Montefurado.

Ten acadados cincuenta e cinco premios literarios, nos eidos do xornalismo, relato e poesía. Coñecido como o poeta e escritor de Montefurado.

Foi distinguido con mención especial no Museo de Pontevedra, nomeado Milagrosista de Lugo e ademáis foi fundador do grupo de Poetas da Ribeira Sacra, tamén é colaborador e columnista de prensa en diferentes periódicos e revistas de ámbito nacional e autonómico.

É cronista Oficial da Vila de Quiroga.

Traballou en Antena Tres Radio como corresponsal durante unha década e tamén dirixiu programas de radio na radio municipal de Quiroga.

Ten publicados máis de quince libros de relato e poesía.

Sibila y bada mayor de la Ribeira Sacra

José Reinaldo Pol García

Cuando el Sil, el verdadero padre natural de la Ribeira Sacra. Llegó a las tierras de Quiroga, él, que nunca tuvo relaciones carnales con nadie aunque muchas mozas se hubieran desnudado y entregado en sus brazos para apagar su lujurioso juego de pasión que se acrecentaba con el caluroso estío, las vio como unas aureanas que querían coger ese oro que es la dulzura encantadora de sus aguas. No sentía nada por ellas, pero sí, que cuando llegó a Montefurado, vio como una prominencia montañosa, una singular elevación orográfica, delicadamente, metía sus descalzos pies en su cuerpo. Buscaba compartir con ése su lecho, pero la corriente del agua veía como imposible el llegar a tener una relación sexual con la que le recordaba a su misma madre, aquella que quedó en la Cueca. Mas heme aquí que no esperaba, el legendario río, que unos hombres, los romanos, le iban a servir de celestinos interesados. Como sabía muy bien que ese pueblo de los descendientes de Numítor era muy materialista, este viajero les enseñó su talego lleno de relucientes pepitas de oro, riqueza que le habían ido entregando a este bello Apolo del agua otras jovencitas, corrientes que trabajaron como esforzadas mineras, para que luego, por conseguir unos breves momentos de placer, entregárselos al Sil. Él, es verdad, se acostó con ellas sin sentir amor, pero encandilado por esos tesoros que le ofrecían, les seguían regalando muy interesadamente sus atenciones. Gracias a todo esto, aquel que en un principio era un pobre carbonero berciano y un sufrido regador campesino ahora es un auténtico señor que lleva en su equipaje ingente cantidad de metal precioso. Como bien sabemos, el dinero hay que gastarlo cuando llega el momento, y eso piensa el Sil cuando ve a su amor, la montaña, y a los romanos que le pueden ayudar a lograrla.

No necesitaría hablar en latín, ni siquiera soltar con su lengua de agua palabra alguna. Los imperialistas comprendieron la atracción mútua que sentía esa pareja de enamorados y, como una de las partes, el que está llamado a ser el padre de esta zona, reflejaba sobre su cuerpo lo que guardaba en sus entrañas, prestos decidieron facilitar la íntima relación.

Como si fueran los mejores ginecólogos modifican el curso del río y fuerzan, quizás, con cierta pasiva resistencia, a que la montaña abra sus piernas y penetre el falo de agua del Sil. Indescriptible sería la emoción cuando, por primera vez, el río y elevación se funden en amorosa eyaculación. Ni que

decir tiene que tanto le gustó al Sil tal carnal relación que, desde aquel día lleva permanentemente dando muestras de que es el ser más viril que existe, pues no cansa de vaciar todo su semen de agua en el monte, e, incluso, cuando viene crecido, le sobra para rebosar encima de su lecho antiguo. Los romanos, en tanto, seguían cogiendo pepitas y pepitas en cantidades ingentes de oro que ellos también, como nuestro admirado Sil, malgastarían en sus placeres allá en las Siete Colinas, pero muchas de aquellas “puellae gaditanae” o robustas y saludables mozas bárbaras, terminarían rompiendo su “monte” de poder y descuartizando su imperio. Las de ellos, como eran interesadas relaciones no pervivieron, pero el Sil es un ejemplo único en el mundo: Unión viva entre una montaña y un poderoso río.

Pasarían los años y, posiblemente el mismo San Martiño quedó perplejo ante los dos, que, día y noche, no cesan de hacer el amor. Más tarde, en el siglo XVIII, o un poco antes, el mismo San Miguel, el protector de la Santa Iglesia, decide que no es justo que ante los ojos de unos cristianos se dé esta situación, y aconsejó, que le levantaran frente a ellos un templo pero, con la condición de que habían de contraer santo matrimonio. Como ya estaban tan unidos dijeron que no tenían inconveniente en la realización de tal ceremonia y que la fecha debía ser en cualquier día de primavera para que el vestido de novio fuera todo albo. Extrañose San Miguel, pero pronto un cerezo agitó sus dedos en forma de hoja y, al momento, el buen arcángel comprendió, que serían ellos, los encantadores cerezos, quienes con sus flores tejerían la vestimenta. La tiara de la contrayente se la hizo en singular regalo un señor feudal que mandó a unos orfebres que, artesanalmente, le prepararan para tan bellísima cabeza, una corona de piedras preciosas, extraordinaria, la que, con el tiempo, se llamó, por estos pagos de Quiroga, Torre Vella, y que, como la montañita es tan humilde y modesta, al poco de terminada la ceremonia, quiso que se la quitaran de sus sienes, pues no busca ostentación, y sólo permitir que, como recuerdo de tan señera data, los cerezos por abril la cubran con sus pétalos blancos. El ramo fue de azahar y amarillo de los tojos. ¡Qué belleza! El novio vestía un frac hermoso. Los padrinos de tan singulares ceremonias fueron: Valdeorras, (por parte del contrayente masculino), porque siempre fue como un familiar muy directo, y lo quería enormemente, ya que sería como un gallego más. Por la familia de la fémina resulta excusado pensar en otro, pues el que tenía todo el legítimo derecho, era Cabeza de Manzaneda.

Valle de Valdeorras y altura de Galicia, bien eran las mejores para dar el brazo a esta enamorada pareja que, aunque de paso sea dicho, y sin que nadie nos oiga, (ya que nada más que a ti te lo cuento, lector), no cesaron de hacer el amor en ningún momento.

Sibila y bada mayor de la Ribeira Sacra

Las arras fueron, como era normal, monedas de oro del mejor y las llevó en su pico uno de los muchos cuervos que por aquí habitan, La cola del vestido de la novia era sustentada por unas singulares damas: Las costureras de la leyenda.

La fiesta se celebró al aire libre. Fueron muchos los regalos, innumerable la lista, pues gran cantidad de invitados acudió a tan gran banquete donde no faltaron truchas y anguilas junto con un buen cabrito. Y, como no se conocía el vino, leche para facilitar la digestión. Entre los muchos asistentes, había representación de los montes de las tierras orensanas y luguesas, destacando entre ellos, unos mozos de las tierras de Caurel, llamados Formigueros y Pía Páxaros. Un par de ejemplares que encandilaron a Enciñeira, otra montaña de la zona y también a Peña Trevinca, Chandreja, y otras que intentaban bailar con estos. Es posible que nacieran nuevos amores. San Miguel, quedó extraordinariamente fascinado, en la torre de su iglesia, a la que llaman San Miguel de Montefurado. Un día un turista, un curioso de estos que quedan maravillados con los encantos de la Ribeira Sacra, quedó obnubilado al ver que le faltaba una campana, a la que es la torre del templo parroquial, y comentó con una anciana que encontró en su camino, que era una lástima que, siendo una edificación tan grandiosa, parecía de poco recibo tenerla en el abandono de no completar su estructura, ya que poseyendo vano para dos bronces solamente ostentaba uno.

La buena señora, natural de por vida de Montefurado, dibujando una sonrisa en su rostro lleno de cicatrices hechas por el invisible cuchillo del tiempo, le comentó que, bien se notaba que, aún no siendo gallego, por suerte, ambos, utilizaban el mismo código lingüístico, era persona bien observadora. El turista, no era de esos alrededores, no obstante, hasta bastantes leguas de distancia bien conocen que aquellos vanos son como los ojos de San Miguel y que uno de ellos, no es que esté ciego, es que los que miramos creemos no ver la niña de la campana. Resulta que la tiene, pero se hace imperceptible porque el santo, en una cómplice actitud, está guiñando el ojo a la pareja de enamorados como bendiciendo y dando por bueno lo que ya un día consagró entregándoles el sacramento del matrimonio, por eso ya nadie tiene que alarmarse y ver en su cariñosa actitud sexual animalidad, ya que ellos, Sil y montaña, se enamoraron en una zona bien aislada, alejada de toda población y hasta se escondieron en lo más profundo para que ni los cabezos de los montes los vieran.

Ellos no tienen culpa de que luego otras parejas, siguiendo su ejemplo, esas familias, quisieran convertirse en anacoretas del amor y de ahí nacieran una serie de aldeas que hoy parecen estar contemplando ese acto. El Sil nos da un ejemplo de amor y también de fecundidad, pues no fue esta una rela-

ción estéril y de ella nació una hija: La doncella de Torre Novaes. Una chica muy bella y hermosa que, de tan extraordinaria belleza que irradiaba, de día eclipsaba al mismo sol y, de noche, la luna envidiosa quería entregarle una pócima maldita para matarla. La joven, como era normal, salió del agua, y, del monte, engendró su cuerpo. Al ser de montaña, era tierra de la más pura y limpia, parecía arcilla de la mejor calidad y su interior un auténtico río de sentimientos, por eso cuando vino al mundo el mismo Bibey, íntimo amigo de su padre y experto ginecólogo, fue el que asistió a su madre en el natalicio y quedó asombrado al comprobar que era más bonita que la más inmortal diosa. En un principio, cuando muy niña, jugaba cerca de sus padres que, por amor a ella, como prueba de ejemplo, y como la madre está condenada a tener sus pies clavados en el suelo, ha de ser el progenitor el que vaya, como seguro pedagogo y muy buen conocedor del mundo, guiando a ésta, aunque eso sí, haciéndolo de una forma muy poco impositiva, dejando libertad. Tanto fue así, que un día, un noble de estas orillas, señor de un castillo, el de Torre Novaes, pétreo cernicalo posado en el espolón rocoso de un promontorio que parece brazo del que practica caza de cetrería, encontró a esta pequeña por los lugares cercanos y la llevó sin tan siquiera pedir permiso a su progenitor, pues tienen los hombres soberbios la feísima costumbre de no reconocer a los más grandes, a los que siendo poderosos como el Sil no hacen ostentación de sus innatas cualidades. La niña atraída por la grandeza y la ostentación que se vivía en Torre Novaes, arma que utilizan los embaucadores para encandilar, terminó olvidando sus orígenes, y creyó, o puede que así se lo hicieron creer aquellos señores, que ellos eran sus verdaderos padres, cuando, en realidad, solamente era una pareja que estaba unida por interés. No se amaban y, como no había entre ellos amor, nunca Dios les premió con la bendición de tener descendencia.

Según oí comentar a un ciego trovador que pasó cantando y cantando la historia por Montefurado, este relato que al escucharlo hizo temblar de tristeza a su madre la buena montaña, la Pena dos Corvos. Ese cortesano andaba, no siempre, a la caza de jabalíes, corzos y rebecos, piezas que bien le proporcionaban sus clientes serviles y aduladores, Él, a lomos de un caballo que parecía una llamarada de fuego, abrasaba la zona. Como si fuera un perro lebel le acompañaba un bufón que era un simple esclavo manumitado y, en sus correrías buscaba encontrar una pieza como la que halló, la hija del Sil, que no quiero decir ni pronunciar su nombre para no personalizar lo que verdaderamente debe quedar viviendo en la fortaleza de la imaginación. Había visto ejemplares, niñas y muchachas aldeanas, pero a ninguna consideraba, el señor de Torre Novaes, la ideal para llevarla con él a su torre fortaleza.

La chica mientras fue niña vivía como en un sueño y, al estar rodeada de tanta fascinación su vista, (por cierto de ojos muy bellos), resulta que la

Sibila y bada mayor de la Ribeira Sacra

tenía cegada por el brillo del lujo y no veía que su padre se arrastraba a los pies del torreón donde vivía el ladrón pidiéndole que, por piedad, le devolviera a su mejor tesoro, su hija del alma, y que dejara de usurpar un papel que, por derecho de sangre, no le pertenecía.

_Pero moita xente maior vive soa. Vostede non é a única –interrumpín.

A min, tacháronme de meiga fai algúns anos e como ninguén quería saber de min decidín vir ao Xiabre darrriba –dixo. Era o único sitio onde podía ser libre de calquer chisme de vellas que non tiñan de qué falar.

_Pero, ¿por qué dicían que era unha meiga? –preguntei.

_Porque cando morreron meus pais quedei soa. Case nunca saía da casa porque estaba moi deprimida e cando tiña que ir a calquer sitio non falaba con ninguén porque non soportaba que a xente me mirara con lástima. Alonxeime da xente, do mundo... pero non me deron oportunidade algunha: comezaron a

contar contos sobre min, aínda que non foran verdade e así foi como comezou a historia desta meiga, soa e vella que xa non gasta saúde.

—Pero, logo non eres meiga, nin fas conxuros... —díxenlle de novo intentando animala.

—Non son meiga —dixo—. Nin tan sequera sei facer conxuros, pero polo que a xente conta e polo desprezo e medo que me teñen ás veces penso que o acabo crendo.

—¿Podo quedar esta noite a durmir? —preguntei.

Era unha muller forte, pero prisioneira dun conto que escribiran outros e no que ela era a protagonista. A súa única compañía era o can de palleiro que coidaba a cabana; os seus veciños, os paxaros e as árbores, que lle daban vida; os seus paseos eran polo monte darriba ou pola beira do río e os seus últimos días serían naquela cabana, co can ó seu carón e rodeada das árbores máxicas que coidarían dela ata o seu último suspiro.

Así remataría a lenda da meiga do Xiabre. Unha historia enxebre chea de intriga, soidade, superstición e maxia. O conto dunha meiga inventada.

Estando xa na casa, a piques de ir para a cama, Xoel non facía máis ca preguntas:

—Aínda que non o creas, tiña moito medo por ti, pero xa me daba o corpo de que non era unha meiga —dixo.

—¡Non me digas! —díxenlle—. Pois ben que escapaches, galopín.

—Muller, fose ou non unha meiga, non me negarás que habelas hainas —dixo rindo.

—¿Por qué rides tanto? —preguntou a avoa—. Veña para a cama que aínda vai vir o voso pai e vós a pé. A ver, ¿qué conto queredes que vos conte esta noite?

—Deixa, avoa —interrumpín—. Hoxe conto eu un, aínda que levará un pouco de tempo.

A avoa sentouse á beira da cama e Xoel, aínda que estaba acostado, incorporouse para escoitar con atención o que eu ía contar, así que comecei coa historia da meiga do Xiabre:

—Meu pai sempre decía que non lle fixeramos caso aos contos que a avoa nos contaba, que eran lendas da parroquia coas que logo soñabamos aínda cos ollos abertos, pero a avoa Elisa non lle facía caso ningún...



MERCEDES BLANCO IGLESIAS

Nacín en Vigo fai corenta e dous anos. Ávida lectora, apaixonada da historia e das letras encamiñei, con todo, a miña carreira profesional cara aos números.

Desde fai máis de vinte anos presto os meus servicios no departamento contable dunha empresa conserveira, aínda que xamais esquecín as miñas xuvenís inquietudes.

A pesar de que dende sempre escribín, foi o ano pasado cando tomei a decisión de compartir as miñas historias.

En Xullo do 2009 recollín en Cañete (Cuenca) o diploma que me acreditaba como gañadora do VII Certamen Nacional de Relato histórico breve "ALVARO DE LUNA" coa miña obra "Retazos del Diario de Katharine".

En Abril de este ano, o Xurado do Certame Manuel Oreste Rodríguez López que convoca o Concello de Paradela (Lugo), considerou que o meu primeiro traballo en galego "O paquete do emigrante" era merecedor dun Accesit...

Agora sigo intentándoo...

O paquete do emigrante

Mercedes Blanco Iglesias

Toda a miña vida estimei que a historia da miña familia era tan aburrida como a de calquera outra. Por iso, cando aquela tarde descolguei o teléfono e escoitei a atolada voz da miña nai, souben que algo singular sucedera.

-Laura, nena, tes que vir de contado...

-Pero mamá, agora vivimos en Vigo... O Manolo está na oficina, os nenos no colexio e eu entro traballar no ambulatorio na quenda de tarde. Non é tan sinxelo, xa sabes que son dúas horas de viaxe... Acouga un pouco que estás moi excitada. Non podes esperar á fin de semana?

-Non, imposible, hoxe vai vir a televisión... -A televisión? Que pasou? Non ocorrería ningunha desgracia, verdade? -Non, non... todo o contrario...

Cando era nena esperaba que algo emocionante acontecese na aldea. Nunca pasaba nada prodixoso, sempre faciamos as mesmas cousas, viamos as mesmas caras... un día era parello ao outro e ao seguinte... No inverno a maior inquietude que ocupaba as nosas mentes infantís consistía en saber se a neve nos permitiría baixar á escola ao día seguinte, e cara a finais do verán, ansiosos esperabamos a chegada das festas da Virxe de Penarredonda, pois a romaría ao monte da Trapa representaba para nós a máis excitante das aventuras. Rememorando a infancia non podo evitar sorrir. Foi a etapa máis aprazible da miña vida e en ocasións estraño aquela queda existencia.

A nosa familia era das máis pequenas da aldea. Fronte aos oito e nove irmáns que tiñan as nais das miñas amigas, a miña nai era filla única. O meu avó Xosé casara xa maior con Asunción, unha rapariga da aldea veciña. Ela tiña dezaioito anos e era trinta anos máis nova ca el. Só a miña nai naceira froito daquela unión. O avó Xosé tampouco tivera máis irmáns, parece ser que o seu pai, Emilio, marchouse de mozo á Arxentina esperando atopar un porvir para a familia e dicían que morrera durante a viaxe. A nai do avó, Erminda, nunca volveu casar... En canto ao meu pai pouco hai que contar, polo que el sabía, a súa nai deixouno no orfanato de Mondoñedo cando só tiña un ano. El xamais demostrou o máis mínimo interese en pescudar quen foran os seus proxenitores nin a razón do seu abandono, así que tampouco por aí podía ampliarse a familia. Cando cumprín os oito anos a miña nai conseguiu por fin que eu asumise o -para min- dramático feito de que non era posible que vivise a miña infancia acompañada por algunha curmá...

Soamente cinco persoas ocupabamos a casa familiar: o avó Xosé, a avoa Asunción,

o meu pai Andrés, a miña nai Concha e máis eu. O avó morreu cando cumprín os doce anos. Eu queríalle moito. Era un personaxe curioso, podía pasar da euforia ao abatemento en cuestión de segundos. Dicían que sufrira moito, pero nunca recibín explicacións da orixe de tal desasosego...

Non nos sobran os cartos, pero hei de admitir que viviamos bastante ben. Nunca sufrín a máis mínima privación, e a maioría dos meus antollos -tampouco eran moitos- cumpríanse sen demora. A familia tiña terras que se traballaban sen descanso e cinco vacas: a Mimosa, a Cachorra, a Toura, a Xata e a Pinta alegraban o cortello. Viviamos rodeados de vides que baixaban polas ladeiras do monte da Trapa ata o río.

Segundo dixera a mestra eu era unha rapariga que destacaba pola miña memoria e intelixencia. Cando cumprín os catorce anos, os meus orgullosos pais enviáronme a estudar a Lugo. Durante catro anos vivín na casa duns antigos veciños que abandonaran a aldea e emigraran á capital para procurar un mellor futuro. Os meus pais dábanlles cartos para o meu sustento e o resto dos gastos, ademais de encherlles a casa de chourizos, nabizas, patacas, repolo...

Contaba con dezaioito anos e xa tiña clara a miña vocación: quería ser doutora. Así que me trasladei a estudar a Santiago. A miña historia non era diferente á dos outros mozos cos que compartía piso. A maioría viñamos dunha ou outra aldea e, á conta dos enormes sacrificios dos nosos pais, aspirabamos a desprendernos dese cheiro provinciano que nos envolvía. Se hai algo do que me arrepinto é que en aqueles anos, a forza de querer ocultar o noso aldeán orixe, rexeitabamos todo aquilo que formara a nosa natureza...

Terminei a carreira e tras un breve periplo polo país conseguín praza fixa en Vigo, onde me instalei con Manolo, o meu marido. Aquí naceron os nosos fillos e aquí transcorre desde entón a nosa atarefada vida cotiá.

-A ver mamá, polo menos, adiántame o problema...

-Non é un problema nena. Hoxe chegou un paquete...

- Pois ábreo, mamá! -Preferiría que estiveses ti aquí... -Por se é unha bomba e estoupa? -Non é unha bomba... Vén da Arxentina... -Arxentina? E iso?

-Laura, nena, tes que vir de contado...!

Á vista estaba que non conseguiría máis información a través da liña telefónica. Chamei a Manolo, expliqueille a situación e este, que coñecía o calmo carácter da miña nai, recomendoume que me puxera en camiño. Escusei a miña presenza no Ambulatorio aducindo un problema familiar grave e sumamente inqueda collín o coche.

Cando cheguei á aldea observei un descoñecido balbordo. A maioría dos veciños apiñábanse cunha mestura de curiosidade e timidez á porta da casa da miña familia. Conforme me ía aproximando os coñecidos saudábanme e inmediatamente rexoubaban. Que pasara? Os nervios remexían nas miñas entrañas! Como non me decatase axiña da situación íame dar un infarto!

A estampa que contemplei á entrada da casa deixoume pampa. A miña nai, o meu pai e a avoa atopábanse sentados no banco da entrada. No seu carón dous ou tres xornalistas con micrófono preparaban a... ¿entrevista?. Fronte a eles a TVG filmando... Era para velos... A miña nai riseira, emocionada e moi colorada, a súa faciana parecía un tomate. O meu pai incómodo non sabía cara a onde dirixir a mirada. E a avoa Asunción... Definitivamente a avoa ve demasiada televisión. A vella pousaba cal fráxil modelo facendo estraños xestos coa boca ante calquera que lle prestase menor atención.

Quixen achegarme a toda velocidade para acabar con semellante despregamento pero era demasiado tarde e tanto a radio como a televisión comezaron a retransmitir en directo...

-Atopámonos nesta pequena localidade de menos de cen habitantes que hoxe pasou á historia ao recibirse un paquete enviado desde a Arxentina fai nada menos que cento dezaioito anos.

-E aquí temos aos protagonistas... Señora Concha, quen remitiu o paquete?

-Enviouno o meu avó Emilio dende a Arxentina en 1891, o mesmo ano en que marchou...

- Tivo a súa familia noticias do seu avó desde entón? -A verdade é que non. O meu pai sempre pensou que morrera no mar. -Pasemos a preguntar á nora do emigrante... Señora Asunción, sorprendeulle a

recepción deste documento logo de tantos anos?

-Home claro! A pena que teño é que o Xosé non vivise o bastante para velo. Sempre sufriu moito pola falta do seu pai. A súa nai Erminda tivo que crialo soa, pero sempre lle gardou a ausencia ó marido, nunca volveu casar.

-E agora, sen mais preámbulos, chegou o momento que todos agardabamos. Coñeceremos o contido do paquetiño...

Os meus pais miráronse aos ollos preguntándose que facer? A avoa proseguía a facer eróticos ademáns. Considerei que era oportuna a miña participación.

-Laméntoo moito, pero o paquete non vai abrirse diante das cámaras.

-E vostede é?

O primeiro que se me pasou pola mente foi contestar á aquela parva aquilo de “e a ti que carallo che importa?” Mais tiña que recordar que se cadraba me estaban a mirar miles de espectadores...

-Eu son... Laura, a filla da señora Concha e polo tanto, a bisneta do remitente do paquete.

Sempre me gustou camiñar no bico dos pés, pasar pola vida discretamente desapercibida. No instante en que todas as olladas se volveron cara a min, instintivamente busquei algún buraco preto onde agacharme. Respirei fondamente e facendo gala dunha valentía que en absoluto sentía soltei o meu sermón:

- Terán vostedes que comprender que aquilo que o meu bisavó, o señor Emilio, introduciu no paquete fai cento dezaioito anos é algo que só atangue á nosa familia. Non nos perdoariamos que os profundos sentimentos que agora sentimos mudasen nun espectáculo transmitido pola televisión. Estamos vivindo un dos momentos máis emocionantes da nosa vida e foron vostedes testemuñas diso. Prégolles respecten a nosa intimidade. Se houbera algunha cousa susceptible de mostrar serán vostedes os primeiros en sabelo.

Non esperei reaccións e arrastrei aos meus pais ao interior da casa. A avoa Asunción quedara fóra e a duras penas conseguín apartala da súa recentemente acadada sona e introducina case a empuxóns na cociña. Pechamos portas e fiestras e sentámonos a falar.

Durante máis de media hora permanecemos os catro sentados ao redor da mesa sen dicir unha soa palabra. No centro estaba aquel paquetiño marrón que observabamos atentamente, coma esperando que nos falase do sucedido ao emigrante.

Foi a miña nai a primeira en incorporarse. Asomouse pola fiestra comprobando que ninguén quedaba xa no exterior e puxo unha pota ao lume para facer café. O aroma, que comezou a espallarse pola estancia, pareceu exercer un relaxante influxo sobre todos nós. A modiño acendín un cigarro. Non adoitaba facelo en casa dos meus pais xa que o meu pai non o consideraba axeitado para as señoritas. Logo de tantos momentos de tensión creo que aquel día non lle importou. A verdade é que, naquel intre, dábame igual.

A avoa tomou o paquete nas súas mans, con delicadeza, coma se tratase do máis fráxil dos tesouros, e entregoullo á miña nai.

-Ábreo ti, eu xa son vella e as miñas mans están demasiado torpes...

A miña nai emocionada colleuno e paseniño comezou a desatar os cordeis que o envolvían. En contra do que se podería pensar, o paquete non estaba dirixido á esposa, senón á nai do emigrante.

Eu contiña a respiración pois temía que cando por fin accederamos ao contido tódalas follas se converterían en poeira co simple rozamento da pel. O primeiro que apareceu foi unha carta escrita con trazos infantís... A miña nai calouse as súas lentes e comezou a ler...

Querida nai:

Imaxino a súa cara de sorpresa e o alboroto que se organizou na aldea cando vostede recibiu este paquete. Supoño que será don Servando, o cura, o que agora lle estará lendo as miñas palabras.

O primeiro que desexo, nai, é pedirlle perdón. Sei que tería que falar con vostede, sei que, polo menos, debería haberme despedido, pero fixen todo con tanta présa... sen a suficiente reflexión. Tiña que fuxir co posto, non podía perder o tempo. Nin sequera puiden darlle un bico ao meu fillo Xosé, nin abrazar por última vez á miña querida Erminda..."

Mirámonos con estrañeza, de que fuxida estaba a falar? O avó Xosé xamais mencionou que o seu pai tivese que escapar... A súa viúva tiña a mesma cara de papona que os demais...

“Nai, penso que oiría moitos contos. Non foi por diñeiro, nin por terras, nin por un xabarán que roldaba os campos. Todas esas son trolas que a xente inventa para acougar as súas consciencias. Tiven que matalo, era un desalmado.

Non era só o cacique das nosas terras; non se conformaba co poder absoluto sobre as nosas posesións, pretendía ser tamén o dono do noso espírito.

Aquela mañá o Balbino veu contarme o que vira o serán anterior. Estaba a Erminda á beira do río, aleitando ao noso Xosé. O cacique observábaa con degoxo. Era tan fermosa que a desexaba profundamente. Ela non sería a primeira, nin tampouco a última. El saíu de entre as árbores e dirixiuse a ela. Agarrouna e levouna cara ao bosque. Erminda loitaba suplicando que a deixase ir. Tombouna no chan dun golpe e con rabia comezou a losqueala mentres desabrochaba os calzóns. Ela gritaba, o bebé choraba ao seu lado... Que podía facer un pobre campesiño como Balbino?

Collín a escopeta e busquei a aquel miserable. O moi hipócrita saía da igrexa coa súa muller e os seus sogros, era domingo. Mireille aos ollos e pegueille catro tiros ...”

A miña nai quedou muda, quitouse as lentes e coa mirada buscaba aquela vella foto do seu pai sobre o aparador. A avoa persignábase con reiteración e o meu pai, ata agora calado, bisbaba: -Xesús, Xesús!

Tomei a carta e proseguín coa lectura...

“Escapei, fuxín como alma que leva o demo. Moitos axudáronme, no fondo sentíanse agradecidos, quen máis quen menos sufrira os abusos daquela mala besta. Gracias ó Toño, o de Francos, conseguín chegar a Monforte. Non tiña comida nin diñeiro para comprala. No barrio da Estación procurei ó Serafín, o curmán da Jovita, que traballaba alí dende fai máis de nove anos. Trasladárase a Monforte cando empezaron a construír os camiños de ferro para o tren. O home axudoume canto puido, logrou que me empregasen durante un par de semanas e así puiden conseguir un billete para Vigo. Sabía que a miña vida non volvería ser a mesma, choraba polas noites pen-

sando en todos vós e na miña amada terra que por culpa daquel miserento non habería de volver ver...

Acadei unha pasaxe nun dos barcos de vela que partían cara á Arxentina cheos de traballadores. A viaxe foi arrepiante. Ocupamos durante tres meses a adegas do barco, parecíamos sardiñas nunha lata. Aquel lugar daba noxo, todo estaba porcalheiro, case non nos alimentabamos, a auga era escasa e encima tratábannos coma se fóssemos ganado. O único positivo que saquei daquela agonizante viaxe foi a amizade de Federico Ripoll, un catalán que, segundo el, quería coñecer mundo. Durante o infernal traxecto Federico ocupouse de aprenderme a ler e a escribir.

Aínda que xa pensaban no regreso á terra, a xente que viaxaba con noso mostrábase convencida, falaban da riqueza e benestar que nos agardaban na Arxentina e comecei crer que igual o porvir podería ser mellor do que coidara. A esperanza, aínda que tinguída da dor pola perda de todo o que amaba, comezou a acompañarme. Na Arxentina atoparía un bo destino e regresaría á terra que me expulsou por facer xustiza.

Cunha intensa sensación de rixidez no corpo, desembarcamos por fin en Bos Aires. Despedínme do bo Federico que co seu habitual optimismo preveu para min un proveitoso futuro e comecei a vivir pola miña conta as penurias da miña chegada á terra prometida.

Eu non tiña coñecidos na nova terra. Trasladáronnos ao “Hotel de Inmigrantes”. Era un edificio construído cerca do porto onde recibían aos miles de inmigrantes que arribaban á Arxentina dende todas as partes do mundo.

Dicían que se cumpríamos as regras poderíamos permanecer nos seus establecementos ata que conseguíssemos traballo...

Durante máis de dúas semanas percorrín as avenidas daquela inmensa cidade, buscando calquera ocupación que me permitise comezar a gañar o sustento. Naquel momento a cidade estaba invadida por miles de estranxeiros que viñeramos do outro lado do océano...

No Hotel ofrecéronme un traballo como xornaleiro nas plantacións de Tucumán. Garantíronme salario e manutención ademais dunha peza onde podería descansar con certas comodidades.

A verdade é que eu non tiña elección, así que xunto a outros compañeiros de miseria fomos embarcados nun tren que nos trasladaría a Tucumán.

Corenta horas estivemos viaxando. O único alimento do que dispunhamos era un cacho de pan e un pouco de carne que nos entregaran no Hotel. O frío era intenso, moitos dos compañeiros enfermaron e tusían continuamente.

Cando entalados e famentos chegamos a Tucumán, aloxáronnos nunha especie de chabola onde tivemos que durmir no chan e o único que puidemos levarnos á boca foi un miserable anaco de pan.

Á mañá seguinte subíronnos nuns carros. Alí, de pé e apertados uns contra outros, trasladaban aos traballadores ata as plantacións.

Chegamos cando a noite invadira por completo o firmamento. Leváronnos ás descritas “cómodas habitacións”... A miña aflicción aumentaba a cada momento. Tratábase dun miserable buraco onde teríamos que nos amorear catro obreiros.

Comezamos a traballar ao día seguinte. O emprego é moi duro posto que choiamos durante dezaseis horas sen descanso e a comida que nos ofrecen non chega para acougar a fame atroz que nos amola. Xa son catro os meses que levo nestas condicións e vin morrer a moitos compañeiros. O salario é miserable e apenas me alcanza para sobrevivir.

Tan só quedaban unhas liñas, pero o nó que se formou na miña gorxa impedíame proseguir... Atrévinme a levantar a vista e os húmidos ollos de todos os alí presentes suplicábanme que terminase a lectura...

“Penso moito en todos vostedes, nai. Aturo tanta morriña que ás veces penso que non morrerei de traballar, senón de sufrimento... Din que ao cabo dun par de anos as condicións da labor son mellores e que ata algúns se trouxeron ás súas familias.

Vostede coñéceme, sabe que sempre fun un soñador. Moitas noites, na triste tobeira que comparto con outro galego e dous italianos, imaxínome escribíndolle outra carta na que lle digo que veñan todos aquí, que a vida é tranquila, que vostede só terá que ocuparse das galiñas, que todas as mañás almorzaremos café con leite, que Xosé será un neno feliz... E cando me esperto pola mañá espero con impaciencia o día da súa chegada.

Non teño moito diñeiro, nai, pero merquei uns agasallos que espero reciba dentro deste paquete. O pano bordado é para a Erminda. Dígalle que penso moito nela e que Deus mediante estaremos xuntos pronto. A medalla é a imaxe da nosa Señora da Mercé, a patroa de Tucumán, prégo lle entréguea ó meu pequeno Xosé, espero que a Virxe lle bendiga e protexa. Para vostede nai, envíe uns cartiños que logrei ir aforrando. Non deixe de empregalos no que necesite, non é moito, pero espero que a vostede lle resolva algunhas das súas escasezas...

A carta estaba repleta de manchas amarelas... Pingas? Bágoas ao fin daquel home atormentado...

A estas alturas os catro chorabamos sen disimulo. Fora tan intensa a lectura que nin sequera nos apercibimos da escuridade que nos envolvía. A miña nai tomara a fotografía do seu pai, o pequeno Xosé do que falaba o emigrante, e colocouna sobre a mesa. Parecía querer expresarlle todo aquilo que o seu proxenitor non tivera a oportunidade de dicirlle.

Cando por fin conseguimos apouvigarnos, terminamos de desenvolver o resto do contido do paquete. Efectivamente alí estaba o pequeno pano que algún día fora branco con aquelas floreciñas bordadas... a medallina prateada agora completamente enferruxada, e atados cun cordeliño atopamos trinta pesos arxentinos...

Transcorreu un mes desde este acontecemento que sen dúbida fixo cambalear os cimentos da nosa familia e dende entón non fixen outra cousa que intentar descubrir o sucedido co pobre Emilio. Todas as miñas pescudas foron infrutuosas. A pista pérdese en Tucumán. Gustaríame descubrir que conseguira refacer a súa vida pero na embaixada dixéronme que o máis probable é que falecese. Poucos sobrevivían ao traballo das plantacións. Tampouco houbo respostas á chegada do paquete. Xustifican a súa perda e posterior aparición ó azar.

Hoxe regresamos á aldea. Nesta ocasión os meus fillos e o meu marido acompañanme. Esta mañá unha comitiva fúnebre composta por sete membros visitamos o cemiterio. Sobre a tumba da bisavoa Erminda a miña nai depositou o pano, na da tataravoa os trinta pesos e encima da do avó Xosé aquela medallina enferruxada.

Esta noite decidín escribir sobre todas estas cousas, para non esquecer nunca a intensa historia da nosa familia e a miña boaventura...



Manuel Rodríguez López
Filho predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: **“POEMAS POPULARES GALEGOS”** (1968), **“SAUDADE NO BULLEIRO”** (1970), **“SOLDADA MINIMA”** (1979), **“ONTE E HOXE VIVENCIAL”** (1995) e **“A ATLANTIDA”** (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer. En prosa: **“REENCONTRO COA ALDEA”** (1983), **“GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982”** (1983), **“GALEGOS EN CATALUNYA-2”** (1985), **“VIAXES CON ANXEL FOLE”** (1988), **“FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989”** (1989), libro-programa das festas e **“VOLTA A ESPAÑA A PE”** (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan **“HOMAXE O CHE”** (1970), **“A NOSA TERRA”** (de “Libro de Oro”, no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), **“HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO”** (1976), **“GALICIA NO ANO 1979”** (1979), **“JOSE M^a ACUÑA”** (1983), **“OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE”** (1986), **“VOCES POETICAS”** (1987), **“PARADELA Y SU CONCELLO”** (1990) e **“ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA”** (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como **“Gran Enciclopedia Gallega”** (ver tamén o apéndice I), **“Medio cento de galegos e Rosalía”** (1983), **“88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes”** (1983), **“De Pondal a Novoneyra”** (1984), **“Diccionario de escritores en lingua galega”** (1990), **“Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975”** (libro e vídeo, 1993) **“Diccionario da literatura galega. I. Autores”**

Fillo predilecto de Paradela

(1995), **“Diccionario de Fole”** (1997), **“Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya”** (1999) e **“Vida e obra de Manuel Rodríguez López”** (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas **“TI ES ETERNO”** e **“NEOPLASIA”**, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con **“A EMIGRANTE”** e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra **“NOITE DE NADAL”**.

En prosa, coa peza teatral **“VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”**, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos **“A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS”** (1977) e **“QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO”** (1986) e, en Baracaldo, **“BAIXA VOLUNTARIA”** (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en Coordinadas e Dorna; no Boletín, en Treboada e Alborada do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de Faro de Vigo e de El Ideal Gallego na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de El Progreso de Lugo, La Voz de Galicia e Praza Maior (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado **“Fillo Predilecto do Concello de Paradela”** e **“Lucense del año 1989”**. En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela **“Manuel Rodríguez López”** e, no ano 2001, o novo **“Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López”** tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Dende 1995, vense celebrando cada ano o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, organizado polo Excmo. Concello de Paradela.

O Fuxido

Pola tarde, nun gran campazo, entre leiras de millo e unha sombriza carballeira, a festa era un fervedoiro de xente moza. A Sara bailaba co Xan; pero algo rebulíalle na idea: ¿Sospeitaba a súa aventura coa Marta de Portomarín?

No rebumbio do baile o Suso, acenando cara a dereita, bisbeoulle algo ó Xan e os ollos da Sara bateron cos da Marta. A filla do Grilo maliciouse. ¿Terían tramado acompañar ás dúas irmáns, a Milagros e á Marta?

Pra coñecer a súa idea, díxolle:

¿Qué pensará a xente en véndonos toda a tarde xuntos? Está ben que botemos unha peza... duas... tres... De volta prá casa, se queres, xa nos veremos. Eu irei coas veciñas.

E costume nas aldeas que os noivos non demostren sélo en público, por mor do qué dirán. Van ás festas e bailan íles con todas e elas con todos. Logo, pola noite, atal ovellas que tornan ó cortello, sen saberse cómo, atópanse por corredoiras e camiños. Os rapaces acompañan ás mozas astra a casa e, a carón da porta, están de parrafeo, ás veces, máis da conta. O Xan dudou un intre se dar palabra á Sara ou ir co Suso e as duas irmáns deica Portomarín e xa non lle foi posible porque acercóuselle o Paco e pediulle a parella.

-Son costumes! Fai ti o mesmo!, berroulle.

Disimulando canto puido o seu enoxo, non se lle ocorreu outra que sacar á Marta. Nunca tal fixera!

-¿Seica xa non te lembrás de min? Andas moi enecatado coa filla do Grilo.

-¿Por qué falas dise xeito?

-Craro. Ela é máis nova. Enganáchesme e aproveitáchesme de min porque tiña a cabeza tola, se ve.

O Xan caíronlle aquelas palabras coma lume. Ela remachou canto puido:

-Chegou a Portomarín a nova dos teus parrafeos coa Sara. Andades nas lingoas da xente. E, inda se foras o primeiro...

Fillo predilecto de Paradela

-Marta, seña o primeiro ou seña o derradeiro, non che vai nen che ven cousa!

-Sí que me vai! A honra! Rícheste de min e queres facelo con esa; pero saíuche a porca capada. Agora andas ti burlando arreo. Se eu perdín o creto nas tuas mans, ti perdíche-lo nas de Sara!

Os ollos da Marta entoldáronse de bagoas. O Xan dubidaba. ¿Era a filla do Grilo unha arteira que o tiña engadado? ¿Sería certo? A Marta caera doadamente; a Sara xurara que nunca un home lle dera un bico e, aínda que a tentara moitas veces, mantivera a forteza dun carballo. Non se deixara domear.

-Non mereces que che mire prá cara. Avergónname estar nos teus brazos, martelou a rapaza con ollos feridores ó tempo que un mozo, alto íl, moreno e con trazas de ser moí mullereiro, a sacaba a bailar.

O Xan ficou barado. Maldito costume aquí! Non se podía botar unha peza enteira cunha muller. ¿Negaríalle o baile se a tornaba a solicitar? Sería pior que unha labazada! ¿Volver sacar a Sara? Nen pensalo! Dixéralle: ¿Qué dirán se nos ven toda a tarde xuntos? A filla do Grilo ¿sentía o pudor da moza virxen temerosa de se ver envolta en malas lingoas? ¿Estaría apalabrada con outro? ¿Era posible que tivera tan mala sona? A Marta mintía! ¿Cómo podía crer íl as súas palabras?

Saíu do campo da festa e camiñou ¿unha legoa? ¿duas? Nen as veigas, nen os soutos, nen as carballeiras, nen os prados, nen os verdes de variados tons arredaron da súa mente, tan impresionable sempre pola paisaxe, aquí laberinto. Se tivera o poder de profundar nos adentros daquelas mulleres... O que magoaba ó Xan era o remordemento. Fixera mal en deixarse engaiolar polo Suso na aventura de Portomarín.

Canso de cismar e de arrodeos, sentouse nun penedo na Croa do Toural e púxose a garabetear:

"Muller ingrata / semellas víbora / que ó tempo apertas / e a vida tiras..."

Pero, cal non sería o seu aglaio ó sentir de supeto unha voz rouca que berrou:

-Arriba as mans!

Virouse, abraiado. Un home cunha pistola do nove, apuntáballe ó peito.

-¿Quen es ti?

-O Xan. Curmán do Sidro de Paradela.

Cacheouno e, convencido de que decía a verdade, pediulle:

-Perdona que te recibira diste xeito. Ando fuxido hai moitos anos. Dende a guerra vivo no monte. O Sidro coñézo ben. Podías ser un garda. Xa me teñen preparado moitas emboscadas.

Somente aquilo lle faltaba ó Xan. Verse nas mans do Xuvencos! Tiña ouvido falar díl; pois era coecido en moitas parroquias. Non mataba nen roubaba. So pedía que comer e tornaba ós seus paxaros, ós seus lagartos, á natureza. Na guerra fora de esquerdas e escapara á civilización, temendo a pena de morte que seica lle puxeran. A pesar de tamaño susto, logo fixeron amizade e parolaron longamente.

O Xuvencos confesoulle:

-Somente unha vez fixen mal: Caera una torada de neve cal non se acorda outra. Houben morrer co frío. Acertou a pasar un home dacabalo dunha besta e pedinlle misericordia prá miña nudez. Eu andaba esfarrapado; í ía de vinte botóns e levaba roupa pra quentar outros catro. Tiven que encañalo pra que me dera qué vestir. Arrepúxose con totalas súas forzas e ferino nun ombreiro. A necesidade obrigoume. Se tal non fixera, morrería teso de frío.

Cánto falaron! O Xan sentiu piedade por íl e ofreceulle cartos; pero o Xuvencos non os precisaba.

-Pra vivir no monte non me fan falla.

-Logo dareille os zapatos. Trocareinos polos seus, que xa o non libran dos coios.

O fuxido acetoulle e o Xan camiñou prá casa, cavilando nas laceiras da liorta fratricida e o Xuvencos quedou na Croa do Toural cos seus penedos, baixo un tellado de estrelas, cun xergón de pedras, tendo por compañeira a lúa e ollando a maravilla pirotécnica dos foguetes, que anunciaban o remate das festas da Virxen das Doores de Paradela.

Manuel Rodríguez López

Do libro "REENCONTRO COA ALDEA"

(Edicións Do Castro, 1983)

Morreu un compañeiro

I

ADIVIÑÁBASE O FINAL DRAMÁTICO
tras longos anos de interminable loita
para manter un posto no que deches,
cada xornada, o mellor que tiñas:
xuventude, ilusión e rendimento.
De que valeron tantos regos de sudas?
Pra que che serviu queimares
os folgos traballando sen acougo?
Namentres te explotaban
quen che falou de viabilidade,
de obxectivos rentables ou económicos?
Zugáronte e pagáronche soldos mínimos
durante décadas.
Amorearon fortunas no estranxeiro
gracias a ti
e, agora, falan de reconversión,
de cartas de despido, de excedentes,
de prexubilacións, de fondos
de promoción de emprego,
e roénche os miolos a cotío
para explicarche a crise,
os custos, a inflación,
a falta de recursos económicos
e que o problema é mundial...

II

Igual cás máquinas, es obsoleto,
por iso che rescinden o contrato
e anotan o teu nome
na interminable lista de parados,
pero, iso si, non desesperes. Podes
manifestarte polas rúas pacificamente
cos puños pechos e berrando a coro
con cen mil compañeiros.
Tódalas forzas vivas concordan
que tes razón cando reclamas

traballo e liberdade de expresión:
«Debes pedir xustiza –dín para máis sorna–
e esixir que se cumpra a Lei
que garantiza os teus dereitos.»

III

Namentres os teus fillos langreaban
e vías afundirse o teu fogar
un día e outro día,
deuche bascas a sociedade que nos abura
e preferiches morrer,
Cándido Otero, compañeiro,
fillo dun pobo malfadado
que, en troques de empuñar fulxente espada
forxada na conciencia nacional,
abaixa a testa e déixase castrar.

Manuel Rodríguez López

Do libro "Poesía Completa de Manuel Rodríguez López
(Edicións Espiral Maior, 2009).



CONCELLO DE PARADELA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE CULTURA
E DEPORTE

